



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA Nº 2022/10

# SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORPORATIVO

### SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME, VENRES, 7 DE OUTUBRO DE 2022

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **Sesión Ordinaria** da **Pleno Corporativo**.

#### **PRESIDE:**

M<sup>a</sup> TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

#### **ASISTEN:**

*PP (GPM do PP)*

RAMÓN MANUEL MARTÍNEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*

JULIO M. D. PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVÁN BERMÚDEZ CASTRO

*BNG (Grupo Mixto)*

ANXO MOLEDO CARREÑO

#### **AUSENCIAS:**

#### **SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, dos borradores das actas das seguintes sesións: Ordinaria, do 26.11.2021, Ordinaria do 28.01.2022, Ordinaria do 29.07.2022, Extraordinaria e urxente do 01.08.2022 e Extraordinaria do 26.08.2022.
- 2 Aprobación inicial, se procede, da MC 27/2022.
- 3 Aprobación, se procede, da declaración institucional sobre o sector do arrastre de fondo.
- 4 Aprobación, se procede, da moción do GPM do PP en relación á ocupación de vivendas.

Parte de Control:

- 5 Dación de conta das Resolúcións da Alcaldía, da 412/2022 á 538/2022.
- 6 Inclusión, se procede, de mocións por razón de urxencia.
- 7 Rogos e Preguntas.

## **1) APROBACIÓN, SE PROCEDE DOS BORRADORES DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES**

A Alcaldía sinala que vai someter a aprobación os borradores das seguintes actas: Ordinaria, do 26.11.2021, Ordinaria do 28.01.2022, Ordinaria do 29.07.2022, Extraordinaria e Urxente do 01.08.2022 e Extraordinaria do 26.08.2022. Pregunta se hai algún tipo de observación.

Ante a ausencia de observacións, somete as actas a aprobación.

— *Acta da sesión ordinaria do 26.11.2021*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión ordinaria do día 26.11.2021.**

— *Acta da sesión ordinaria do 28.01.2022*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión ordinaria do día 28.01.2022.**

— *Acta da sesión ordinaria do 29.07.2022*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión ordinaria do día 28.01.2022.**

— *Acta da sesión extraordinaria e urxente do 01.08.2022*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión extraordinaria e urxente do día 01.08.2022.**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

— *Acta da sesión extraordinaria do 26.08.2022*

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do GM), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: aprobar a Acta da sesión extraordinaria do día 26.08.2022.**

## **2. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MC 27/2022**

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

<<*Antecedentes Administrativos e fundamentación xurídica:*

Primeiro: Existen unha serie de gastos, e cuxa dotación orzamentaria é necesaria:

*“Achega municipal Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lousame para reforma do Centro de Saúde de Lousame, por importe de 9.283,73”*

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 3.6 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

— 312.63200: 9.283,73 €

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **27/2022**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

— 920.12003: 5.000 €

— 920.12101: 4.283,73 €

Cuarto: O artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, para o cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O prazo ordinario da tramitación do procedemento implica un período de información pública de 15 días hábiles. Tendo en conta a data de aprobación inicial da modificación, e a data do envío do anuncio ao BOP, aínda realizando o dito envío de xeito urxente, o anuncio de información pública non saíría publicado antes do 11.10.2022. Os 15 días hábiles finalizarían o día 03.11.2022; polo que o anuncio de aprobación definitiva non podería remitirse ao BOP antes do 04.11.2022. Como a xustificación da subvención debe estar antes de que remate o ano, cómpre acelerar o proceso para poder adxudicar o investimento, executalo e xustificalo en prazo. Por todos estes motivos, cómpre aplicar a tramitación urxente prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Quinto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, ACORDA:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **27/2022**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de Gastos:**

Aplicación orzamentaria	Crédito actual para esta finalidade/ €	Crédito xerado / €	Total dispoñible / €
312.63200	0	9.283,73	9.283,73

**Total transferencia positiva: 9.283,73 €**

**Baixas en aplicacións de Gastos.**

Aplicación Orzamentaria	Euros
920 12003	5.000
920 12101	4.283,73

**Total transferencia negativa: 9.283,73 €**

**Segundo.-** Aprobar a tramitación urxente da modificación orzamentaria, na aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Terceiro.-** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 8 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

**Cuarto.-** Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo>>

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

<<Antecedentes Administrativos e fundamentación xurídica:

Primeiro: Existen unha serie de gastos, e cuxa dotación orzamentaria é necesaria:

*"Achega municipal Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lousame para reforma do Centro de Saúde de Lousame, por importe de 9.283,73"*

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 3.6 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

— 312.63200: 9.283,73 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Terceiro:** Este expediente de modificación de créditos **27/2022**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

- 920.12003: 5.000 €
- 920.12101: 4.283,73 €

**Cuarto:** O artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, para o cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O prazo ordinario da tramitación do procedemento implica un período de información pública de 15 días hábiles. Tendo en conta a data de aprobación inicial da modificación, e a data do envío do anuncio ao BOP, aínda realizando o dito envío de xeito urxente, o anuncio de información pública non saíra publicado antes do 11.10.2022. Os 15 días hábiles finalizarían o día 03.11.2022; polo que o anuncio de aprobación definitiva non podería remitirse ao BOP antes do 04.11.2022. Como a xustificación da subvención debe estar antes de que remate o ano, cómpre acelerar o proceso para poder adxudicar o investimento, executalo e xustificalo en prazo. Por todos estes motivos, cómpre aplicar a tramitación urxente prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

**Quinto:** Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame, ACORDA:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **27/2022**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de Gastos:**

Aplicación orzamentaria	Crédito actual para esta finalidade/€	Crédito xerado / €	Total dispoñible / €
312.63200	0	9.283,73	9.283,73

**Total transferencia positiva: 9.283,73 €**

**Baixas en aplicacións de Gastos.**

Aplicación Orzamentaria	Euros
920 12003	5.000
920 12101	4.283,73

**Total transferencia negativa: 9.283,73 €**

**Segundo.-** Aprobar a tramitación urxente da modificación orzamentaria, na aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Terceiro.-** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 8 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

**Cuarto.-** Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo>>

### **3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O SECTOR DO ARRASTRE DE FONDO**

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

<<Asumindo o manifesto do Consello Galego de Pesca e das entidades do sector coa Consellería de Pesca e marisqueo, o Pleno do Concello de Lousame ACORDA:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España

1. Que rexeite publicamente os ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.
2. Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e a economía marítima europea.
3. Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da flota pesqueira europea.

**Segundo:** Dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que

1. Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar a pesca de fondo, como todas aquelas medida legais que adopten as empresas armadoras.
2. Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas na que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

**Terceiro:** Expressar o seu apoio ao manifesto asinado polo Consello Galego de Pesca>>

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

<<Asumindo o manifesto do Consello Galego de Pesca e das entidades do sector coa Consellería de Pesca e marisqueo, o Pleno do Concello de Lousame ACORDA:

**Primeiro:** Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España

4. Que rexeite publicamente os ataques que o sector de arrastre de fondo está a sufrir por parte da Comisión Europea.
5. Que defenda a importancia deste sector no conxunto do sector pesqueiro e a economía marítima europea.
6. Que solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector e os datos cuantitativos da súa representación sobre o total da flota pesqueira europea.

**Segundo:** Dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que

3. Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar a pesca de fondo, como todas aquelas medida legais que adopten as empresas armadoras.
4. Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas na que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

**Terceiro:** Expresar o seu apoio ao manifesto asinado polo Consello Galego de Pesca>>

#### **4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GPM DO PP EN RELACIÓN Á OCUPACIÓN DE VIVENDAS**

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete ao Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

<<Único: Demandar ao Goberno de España:

1. Modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas no caso de ocupación da vivenda ou inmovble, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmoebles con penas de entre 3 e 5 anos.
2. Incluír novas medidas procesuais na Lei de Axuízamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovble o obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento. Proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

3. Modificar a Lei 49/1960 sobre propiedade horizontal para que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
4. Incluír un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios. Así como solicitar que esta inscrición se considere nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin se lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tiveran coñecemento dilo.
5. Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas>>

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto toma a palabra para expoñer que o que se está facendo con esta moción é un falso debate, para crear unha alarma social por mor da ocupación. A Constitución Española no artigo 47 que todo o mundo ten dereito a unha vivenda digna e adecuada. Tamén di que os poderes públicos teñen que promover as condicións necesarias e ditar as normas pertinentes para facer efectivo este dereito. Hai expertos xuristas que reclaman que o artigo 47 diga que todo o mundo ten dereito a unha vivenda digna e que este sexa un dereito fundamental. Por outro lado, resulta paradóxico que un dos dereitos que recolle a *Santa* sexa o dereito á libre elección de residencia.

O Partido Popular comeza sempre o seu argumentario dicindo que na Galiza hai 600 vivendas ocupadas. Pero esquece nomear outros datos que aparecen no mesmo informe. As vivendas baleiras en Galiza están cifradas en 340.000. Que supón o 20% das vivendas existentes no total do país e o 3% das vivendas baleiras no total de Europa. Ese informe tamén di que o 60% das vivendas ocupadas pertencen a entidades bancarias e o outro 40% pertencen a fondos de inversión, Administracións Públicas e particulares. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia constata que o número de ocupación ilegais de vivendas descendeu nos últimos anos neste país.

O que non descende é o número de persoas sen fogar, por non poder facer fronte ao gasto da vivenda. No día de hoxe hai máis probabilidades de que a casa cha quite un banco a que sexa ocupada. Por outra banda está mesturándose o fenómeno *okupa*, as mafias e o problema de alugueiro. Por un lado están as ocupacións levadas a cabo por grupos de delincuencia organizada aos que hai que combater. Por outro lado están as persoas que non teñen outra opción ou solución ante un problema ocupacional. A xente nova é moi difícil que acceda a unha vivenda: porque ou accede a esa vivenda ou vive. As dúas cousas non pode facer.

Resulta perverso que un problema que só afecta ao 0,014% dos galegos e galegas abra un telexornal manipulado, día si e día tamén. E tamén resulta perverso que o PP traslade este tipo de mocións aos Concellos. O problema non son as ocupacións. O problema é a especulación que hai sobre a vivenda e a cantidade de xente que non pode acceder a unha vivenda; incluso a xente que ten traballo. Ou persoas que perderon a súa vivenda por non poder pagala e á que os Gobernos de Madrid e da Xunta non lle deron resposta. Aí está o Plan da Xunta de Vivendas Baleiras que foi un fracaso total. Aí é onde teñen que legislar.

Por outra banda deixan fóra do conto a gran cantidade de alugueiros en negro, onde o inquilino non ten ningún dereito. E vostedes están plantexando que poidan ser desafiuzados en 24 horas porque non teñen escrituras que demostren a súa situación. Mentres que o propietario, ademais de defraudar á Facenda sería beneficiario desta normativa. Tremendo, verdade? Que che boten á rúa porque como pasa nestes sitios de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

por aquí non che queren facer un contrato de vivenda. A metade da xente que quere alugar unha casa, a ten alugada en negro. Por desgraza esta é a situación que se da en todos os Concellos da redonda. Resulta hipócrita que falen de protexer ao vulnerable e na súa proposta non apareza un só punto sobre que facer coas persoas que non poden facer fronte ao alugueiro; que queren pagar, pero non poden. Que queren? Botalas en 24 horas? Que a xente se meta debaixo dunha ponte?

Desde o 2018 a Administración está obrigada a ofrecer unha solución habitacional ante un caso de desaloxo. Se hai que facer algún tipo de modificación nas Leis será no Estado Español e non nos Concellos. Quere recordarlle á Alcaldesa que moitas veces dille aos grupos da oposición que non traian mocións que non teñan nada que ver co Concello.

A Alcaldesa toma a palabra sinalando que vai ser moi breve, porque o asunto é moi claro. A Constitución di o que dixo o voceiro do Grupo Mixto; xa todos sabemos o que di a Constitución, porque toda a Corporación sabe ler e coñece perfectamente o que di. O Estado ten un problema coa vivenda. E ese problema parece que se quere solucionar con vivendas de xente á que vostede está acusando de xestionar a súa vivenda en negro. Tamén está dicindo que estas vivendas teñen que estar a disposición doutras persoas que non teñan vivenda... Non é certo. Moitas das vivendas que poden ser alugadas en Lousame, pertencen a persoas ás que lles custou moito esforzo aforrar para agora ter ese inmovible que lles permite obter unhas rendas na súa xubilación. Parece que pretendemos que estas persoas, que co seu esforzo conseguiron ter estes inmoibles, suplan a función do Estado que é a de procurar unha vivenda digna a persoas que non a teñen. Agora estase tramitando a Lei de Vivenda. Pois fagan as aportacións oportunas para a redacción desa Lei... Recórdalle tamén que os cambios na Constitución requiren dunha determinada maioría...

Aquí en Lousame tamén se deu algún caso de ocupación, e xa non quere dicir na comarca. Non moitos, pero caso de ocupación existiron. Se aquí hai vivendas que por unha razón ou por outra están libre nalgunha época do ano, iso non da dereito a que alguén as ocupe. Vostede cre que todos eses veciños (que teñen esa propiedade que gañaron con esforzo) son persoas que están faltando á Lei porque alugan en negro e que toda esta xente ten que suplir a non intervención do Estado en procurar vivenda ás persoas que non a teñen? É dicir, estaos a acusar de delinquentes, e a promover que paguen cos seus bens, as deficiencias que ten o Estado, que non é capaz de ter vivendas para quen non pode acceder a elas.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polo concelleiros/as do GPM do PP e do PSDG-PSOE) e un (1) voto en contra (emitido polo concelleiros do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo:**

<<Único: Demandar ao Goberno de España:

1. Modificar os artigos 245 e 269 da Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro do Código Penal para endurecer as penas no caso de ocupación da vivenda ou inmovible, especialmente no caso de mafias. Recuperar o delito de usurpación de bens inmoibles con penas de entre 3 e 5 anos.
2. Incluir novas medidas procesuais na Lei de Axuízamento Criminal para mellorar a protección das persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias ou posuidoras lexítimas dunha vivenda ou inmovible o obxectivo de recuperar a plena posesión dunha vivenda ou parte dela, sempre que se viran privados da mesma sen o seu consentimento. Proceder ao desaloxo da vivenda ocupada en situación de flagrante delito ou, en caso de que non o sexa, en 24 horas por parte da Policía.
3. Modificar a Lei 49/1960 sobre propiedade horizontal para que se habilite ás comunidades de propietarios como persoas xurídicas para que poidan iniciar os procesos de recuperación da vivenda

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

en aras dunha mellor convivencia e evitando actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

- Incluír un novo apartado no apartado 4 do artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local para evitar a inscrición no padrón municipal dun ocupante ilegal definido na Lei Orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios. Así como solicitar que esta inscrición se considere nula e non constitúa proba da súa residencia ou domicilio nin se lles atribúa ningún dereito. A tales efectos, os concellos darán de baixa de oficio ou a instancia do propietario ou posuidor real lexítimo as inscricións en canto tiveran coñecemento dilo.
- Modificar a lexislación tributaria para a redución de obrigacións contributivas de arrendadores que xustifiquen a non percepción de rendas>>

A Alcaldesa recórdalle ao voceiro do Grupo Mixto que ditaminou abstención na Comisión Informativa onde se tratou este asunto.

O voceiro do Grupo Mixto di que si o recorda. Como fixo maioritariamente en todas as comisións.

## **5. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 412/2022 Á 538/2022**

A Alcaldía da conta das Resolucións da Alcaldía, da núm. 412/2022 á núm. 538/2022, que foron remitidas aos voceiros dos GPM.

A Corporación dáse por enterada.

## **6. INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA**

A Alcaldía indica que quere someter, por urxencia, a consideración do Pleno Corporativo, o seguinte asunto: aprobación inicial da MC 30/2022, Transferencia de Crédito, para dotar a achega municipal que debe transferirse ao Concello de Outes por mor dun proxecto conxunto de varios Concellos que xestionou e tramitou o Concello de Outes. Agora solicitan que lle transiframos a achega que lle corresponde ao Concello, e por iso é urxente dotar canto antes o crédito para cumprir con esta obriga.

Antes de nada, somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte acordo: ratificar a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día do Pleno.**

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

<<Antecedentes Administrativos e fundamentación xurídica:

Primeiro: Existen unha serie de gastos, e cuxa dotación orzamentaria é necesaria:

*“Achega do Concello de Lousame protocolo de colaboración-accesibilidade e embelecemento dos recursos de turismo industrial Ria de Muros-Noia, por importe de 4.384,58 euros”*

Segundo: A día de hoxe na bolsa de vinculación 3.4 non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

— 337.46200: 4.384,58 €

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **30/2022**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

— 150.13100: 4.384,58 €

Cuarto: O artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que cando razóns de interese público o aconsellen poderase acordar a aplicación ao procedemento da tramitación de urxencia, para o cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

O prazo ordinario da tramitación do procedemento implica un período de información pública de 15 días hábiles. Tendo en conta a data de aprobación inicial da modificación, e a data do envío do anuncio ao BOP, aínda realizando o dito envío de xeito urxente, o anuncio de información pública non saíría publicado antes do 11.10.2022. Os 15 días hábiles finalizarían o día 03.11.2022; polo que o anuncio de aprobación definitiva non podería remitirse ao BOP antes do 04.11.2022. Como o remate do proxecto de gasto debe estar antes de que remate o ano, cómpre acelerar o proces. Por todos estes motivos, cómpre aplicar a tramitación urxente prevista no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e reducir á metade os prazos establecidos no procedemento ordinario.

Quinto: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **30/2022**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

**Altas en aplicacións de Gastos:**

Aplicación orzamentaria	Crédito actual para esta finalidade/€	Crédito xerado / €	Total dispoñible / €
337.46200	0	4.384,58	4.384,58

**Total transferencia positiva: 4.384,58 €**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

#### Baixas en aplicacións de Gastos:

Aplicación Orzamentaria	Euros
150	13100
	4.384,58

**Total transferencia negativa: 4.384,58 €**

**Segundo.-** Aprobar a tramitación urxente da modificación orzamentaria, na aplicación do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Terceiro.-** Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 8 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

**Cuarto.-** Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo>>

A Alcaldía pregunta se hai intervencións.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que lle gustaría coñecer cales foron as obras que se fixeron con cargo a esta subvención.

A Alcaldía sinala que foron en elementos de todos os Concellos que participaban. Cre recordar que foi fundamentalmente sinalización de elementos patrimoniais nos diferentes Concellos para promoción turística. Pero se quere máis detalle, facilítalle a información outro día. O luns mesmo, se vén polo Concello.

O voceiro do Grupo Mixto di que lle choca que o Concello de Lousame pague un pouco máis que o resto dos Concellos.

A Alcaldesa di que cada Concello ten unha aportación diferente, segundo varios índices. Non ten a información neste intre, pero no Convenio que se asina ven a aportación que ten que facer cada Concello. Tamén pasa o mesmo cando é o Concello de Lousame o que contrata e xestiona. Logo ten que repercutir a parte non subvencionable entre todos os demais Concellos.

O voceiro do Grupo Mixto pregunta se non se destinou nada da subvención ao que non se tiña que destinar.

A Alcaldesa preguntalle como pode dicir iso.

O voceiro do Grupo Mixto di que a el chegoulle información, e por iso está preguntado, e se fixo algunha cousa, como limpeza dun muro, que por iso a nós nos sale máis caro que ao resto dos Concellos.

A Alcaldesa di que o Concello pode facer limpeza dun castro, ou limpeza doutras cousas, pero incluída dentro doutros proxectos ou plans.

O voceiro do Grupo Mixto pregunta se esta subvención é por parte do Xeodestino.

A Alcaldesa contesta que non. Non ten nada que ver. Esta é unha agrupación de Concellos onde un deles é o coordinador. Neste caso foi o Concello de Outes. A Alcaldesa recrimínalle ao voceiro do Grupo Mixto que está facendo aseveracións que son moi graves. O voceiro do Grupo Mixto sempre oe rumores... No anterior Pleno dixo que un concelleiro tiña que pedir perdón, que había unha gravación. Pois aínda non escoitou a dita gravación. Está esperando por ela. Onde está? E agora acaba de facer unha aseveración gravísima. E terá que demostrala.

O voceiro do Grupo Mixto deféndese sinalando que o seu deber é fiscalizar ao Goberno.

A Alcaldesa responde que el pode preguntar o que queira. Non pode dicir que algunha vez se lle impedira preguntar polo que quixese. Pero cando fai unha acusación tan grave, que non foi unha pregunta...





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto insiste que a el chegoulle unha información de que a subvención era para unha cousa e que parte se empregou para outra cousa. Por iso quere saber, para iso está aquí.

A Alcaldesa indícalle que vai trasladar a pregunta ao Concello de Outes da súa parte. Porque eles tramitaron, licitaron e adxudicaron desde alí. A ver que foi o que fixo Outes que non estaba no proxecto, que é o que vostede está insinuando.

O voceiro do Grupo Mixto di que está preguntando.

A Alcaldesa recórdalle ao voceiro do Grupo Mixto que dixo que el escoitara iso. Pois ben, vai trasladar esta mesma pregunta ao Concello de Outes.

Finalizada a quenda de intervencións, non se somete o asunto a votación.

## **7. ROGOS E PREGUNTAS**

A Alcaldía pregunta se alguén quere facer rogos e preguntas.

A voceira do GPM do PSdG-PSOE plantexa os seguintes rogos e preguntas:

*1.- Na páxina web aparecen publicadas algunhas das festas que se celebran no Municipio. Pero non aparecen todas. Quere saber por que. Parece algo discriminatorio.*

Alcaldesa: Non o é e vai entender por que. A Lei cambiou moitísimo en canto ás festas e para as autorizacións hai que pedir un montón de permisos e facelo con tempo. Porque teñen que presentar documentación as orquestras, os organizadores, os responsables da pirotecnia, etcétera. Hai que ter toda a documentación para autorizalas. Se o día antes do fin de semana non estaba todo iso feito...

A voceira di que ao marxe de que teñan todo pedido, que da por sentado que si o teñen... Por que unhas se publican e outras non?

Alcaldesa: No momento no que teñen a autorización o Concello publica todas.

*2.- Arranxaron dúas pistas en Fontefría. Pero en vez de chegar até o final non se arranxou até alí, senón un pouco antes.*

Alcaldesa: Esas actuacións están incluídas no Plan de Camiños de AGADER. Este Plan ten uns requisitos que eu podo estar de acordo ou non con eles, pero que se teñen que cumprir, se non, non conceden a subvención. Se un determinado camiño está en zaborra, non permite que se arranxe nin en triple rego nin en aglomerado. Haino que facer igual en zaborra. Ademais ten que haber unha explotación gandeira a x metros. Así quixo meter outro trazado que tamén lle parecía interesante, pero os técnicos da Xunta dixo que non cumpría por non haber unha explotación gandeira a eses metros. E que o pavimento tiña que ser o mesmo que existía en orixe. Estas normas igual teñen sentido noutras poboacións, como na meseta. Na nosa zona e coa nosa climatoloxía non ten moito sentido, pero son as normas do Plan e hainas que cumprir. E iso que a finalidade é ter os camiños en boas condicións para o seu uso polo o sector primario.

*3.- Os veciños de Bargo comunicáronlle a necesidade de arranxar un camiño alí. Ten unhas fotografías para amosarlle á Alcaldesa. Hai uns fochancos tremendos que cando chove se inundan. Os veciños queren dicir que existen e que se lles arranxe esa pista.*

Alcaldesa: Está de acordo. Pero existen todos os veciños. Non só os de Bargo. O que hai que facer é decidir, para xestionar. Entón imos facendo arranxo pouco a pouco en todas as zonas. Cando se faga a última xa estará deteriorada a primeira. E todo iso haino que repartir por todo o territorio.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

#### 4.- *Pregunta cando se vai á Deputación a pedir que arranxen as vías provinciais que pasan por Lousame.*

Alcaldesa: Ela vai moi a miúdo e o pide sempre. Só nos falta que vaíamos alí como foi algún Concello cun burro e que nos poñamos na porta da Deputación. Non sabe se terán que chegar a iso. Esa estrada é unha verdadeira necesidade. Unha das actuacións que vai propoñer para o POS é arranxar unha estrada que enlaza con esa necesidade. Esa necesidade non é nosa.

O Sr. Paradela Busto di que sen embargo a Deputación arranxou enfronte do Concello.

Alcaldesa: Sorprendeulle. Incluso bromeou con eles e preguntoulle se o facían para cabrear a todos os veciños en contra do Concello. E contestáronme que por aí tamén pasan os veciños para ir á Farmacia, ao Centro de Saúde. Ela contestoulle que lle parecía ben que arranxasen ese trame, pero que visen como estaba a estrada provincial que vai dende Comparada até Ponte Beluso. Esta estrada non é deste século nin do anterior... é do século XIX.

Os Concellos do rural tíñamos que ter unha discriminación positiva. Se á xente do rural non se lles atende algo tan elemental como é unha vía de comunicación, buscará outro emprazamento para asentarse. E que se queden nos interesa a todos. Porque se a xente que ten granxas, que ten instalacións, que cultivan o campo se van... a maleza e os toxos chegarán preto das cidades.

A voceira do PSdG-PSOE di que os veciños do rural pagan o mesmo tipo de impostos que os veciños doutros Concellos. E sen embargo, non teñen acceso a moitos servizos que si teñen por exemplo en Noia, que está ao lado.

Alcaldesa: Cre que nalgúns aspectos ten máis servizos que en Noia.

A voceira do PSdG-PSOE está falando de internet, de telefonía. Hai aldeas que levan 15 anos sen unha boa conexión.

Alcaldesa: En relación a iso ten unha resposta das actuacións que se van acometer. En relación a estes temas ten información para trasladarlle. Incluso dunha visita que se fixo esta semana. Estamos traballando nisto desde o primeiro momento.

A voceira do PSdG-PSOE non dubida que a Alcaldesa estea traballando niso. Pero parécelle increíble que en 15 anos, que se di moi pronto, aínda existan zonas onde non chega a telefonía móbil. Temos que mirar polos nosos maiores, que estean minimamente comunicados. Hai lugares onde ás veces non chega unha ambulancia. Hai xente maior que non pode baleirar unha fosa séptica e precisa axuda doutras persoas... Hai que mirar moito polo rural.

Alcaldesa: Recorda que en lugares onde non accedía unha ambulancia ancheáronse os camiños. Ás veces con colaboración veciñal e outras veces con oposición de persoas que non estaban de acordo en efectuar cesións. En relación ao saneamento cre conveniente facer unha comisión para tratar de xeito pormenorizado este asunto. Estamos facendo unha auditoría do saneamento. Vai ver vostede os datos e hai que tomalos en serio. A continuación, debemos facer un Plan de Actuación.... Está de acordo en que hai que facer unha discriminación positiva no rural. Está cansada de que se oia falar da *España Vacía*, pero é algo que se queda en palabras, sen tomar máis medidas. E pediría a Europa que veña aquí a coñecer o noso territorio. Non lle gusta dar unha mensaxe pesimista. Pero é difícilísimo manter os servizos á cidadanía que hoxe en día se están prestando.

#### 5.- *O outro día veu un autobús diante do Concello que poñía Coidado porta a porta. Gustaríalle saber que van facer.*

Alcaldesa: Dende Servizos Sociais mandouse unha notificación a cada casa, para que a información chegase a todo o mundo. Gustaríalle saber se lles chegou. Xa que á súa parécelle que non chegou. Houbo empresas que manifestaron que iso podía ser unha competencia desleal. Non o é. Hai persoas que non están acudindo a certos servizos. E ao vir aquí, maniféstalle a necesidade de acudir a facer uns tratamentos e revisións.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Fáiselle ver que non é un capricho, senón unha necesidade. Deron todas as citas. Van volver, pero non saben aínda a data. A xente pode apuntarse. Xa o falou onte coa Concelleira, e van pedir unha entrevista para que veñan máis veces a Lousame. Intentaron que a información chegase a todo o mundo, porque saben que hai xente que non le a web, aínda que teña internet; porque non ten tempo, ou non ten o hábito, ou non ten a habilidade para facelo.

A voceira do PSdG-PSOE di que hai xente maior en San Xusto á que non lle chegou esa información.

A Alcaldesa pídelle á Concelleira de Servizos Sociais que teña unha reunión co responsable de Correos na zona; porque o que é inadmisíbel é que se manden cartas e non cheguen ao seu destino.

Dona Silvia Agrafojo Filgueira comenta que a información púxose nas diferentes redes sociais e tamén nas marquesiñas...

O voceiro do Grupo Mixto di que seguramente se non hai cartas para esa zona xa non fan o reparto.

Á Alcaldesa parécelle inaceptable esta situación.

A voceira do PSdG-PSOE di que haberá que facer unha moción conxunta dirixida ao Servizo de Correos.

A Alcaldesa di que por ela non hai ningún problema.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos (21:25 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. Alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

15

